

A miña aula

Pola ventá vense un anaco de estrada e un semáforo que vai cambiando de cor; é moi entretido mirar como paran os camións e os coches coa cor vermella, ata que a luz do semáforo se pon en verde e todos saen correndo.

Diante da ventá botamos unhas lentellas que cada día regamos cun pouco de auga. O encerado ocupa toda a parede de diante. Pola mañá, a mestra escribe nel a data, que é o día da semana e o número, e o nome do mes.

Sobre as outras paredes hai mapas e un taboleiro de cortiza onde suxeitamos con chinchetas os nomes dos responsables de repartir os traballos e de regar as lentellas. Tamén hai un reloxo.

Todas as horas duran igual. Pero a min non me parece sempre o mesmo: ás veces o tempo acaba axiña, como as viaxes nos cabaliños da feira; e outras veces estírase coma a goma de mascar e son moi pesadas, coma cando che doen as moas.

PURA AZORÍN. *Pisando charcos* (adaptación)




2 Responde.

- Onde está a protagonista? _____
- Que ve pola ventá? _____

- Que hai plantado diante da ventá? _____

3 Escribe o nome dos obxectos da aula que menciona a rapaza.



- ### 4 Escribe a data de hoxe no encerado, tal como o fai a mestra da lectura.



1 Quen cres que conta esta historia? Marca.



a mestra da clase



unha rapaza da clase

5 Pensa e explica.

A min, o tempo fáiseme moi longo cando _____

En cambio, pásame moi de présa cando _____
